*Manuel Puente*

Buenos Aires Noviembre 19 de 1962

Señor Don
Luis TOBIO
J.Benito Lamas 2941
MONTEVIDEO-R.O.del.U

Meu querido Don Luis:

Recibín a sua carta 8 do corrente.-

Xa sabia por Prada do seu próximo traslado a Madrid, e ainda que me alegro porque máximo que se cumple asi seus desexos, non deixo de lamentar a perda de non telo a vostede cerca, por outro lado o feito de que Ud se sitúe perto da nosa terra ten moitas ventaxas para o noso sentimento, incluso para o final da Historia de Galicia; deséxolle a vostede e familia moitas satisfaccions e saude no novo domicilio.-

Naturalmente que antes da sua partida desexo falar con Ud, e como o mesmo desexo teñen os amigos Prada e Abraira, estamos convinando con eles para ir uns dias a Montevideo, que será para fin de mes ou nos primeiros do próximo.-

Deicá a entonces reciba uha aperta de seu amigo e,

S S S

*M. Puente*